# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|---|---|---|---|
| 15002086 | CEIP Plurilingüe de Ponte do Porto | Camariñas | 2023/2024 |

## Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|---|---|---|---|---|
| Educación primaria | Educación plástica e visual | 5º Pri. | 1 | 35 |

| Réxime |
|---|
| Réxime xeral-ordinario |

| Contido | Páxina |
|---|---|
| 1. Introdución | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 3 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 4 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 5 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 17 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 18 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 19 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 19 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 20 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 21 |
| 7.2. Actividades complementarias | 22 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 22 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 23 |
| 9. Outros apartados | 24 |

## 1. Introdución

A presente Programación Didáctica (PD) está elaborada para a materia de Educación Plástica e Visual do 5º curso de Educación Primaria, materia con currículo enmarcado no Anexo II do Decreto 155/2022 do 15 de setembro. Dita programación terá por obxectivo desenvolver e adecuar o currículo desta materia ao contexto e alumnado de 5º curso do CEIP Plurilingue Ponte do Porto.
En primeiro lugar, esta programación remítese neste apartado á introdución da área no decreto anteriormente citado, no que se describen as características e finalidade da mesma. En esencia, que o alumnado se desenvolva en múltiples dimensións esenciais na etapa: sensorial, psicomotriz, intelectual, de atención e memoria, de intelixencia e pensamento crítico, social e comunicativa así como emocinal, afectiva e de sensibilidade estética. En consecuencia, a educación artística desencadea meca-nismos que permiten desenvolver distintas capacidades que inflúen directamente na for-mación integral do alumnado, tanto de xeito individual coma grupal.
O desenvolvemento destes eitos terá lugar a través da percepción e reflexión plástica e audiovisual arredor da imaxe, como da expresión, experimentación e creación plástica e audiovisual. Para isto, a área divídese en catro bloques, que á súa vez poderíamos clasificar en dous: Educación Plástica e Visual e Educación Audiovisual. Dentro de cada un destas categorías temos cadanseu bloque adicado, por unha banda, á percepción e análise, e á creación e interpretanción :

- Percepción e análise: aspectos vencellados ao desenvolvemento de coñecementos, destrezas e actitudes rela-cionados co recoñecemento, recepción e observación sensitiva, visual, auditiva e corporal, que permiten unha aproximación ás diferentes manifestacións culturais e artísticas da con-torna para analizalo e comprendelo. O alumnado debe ser partícipe da comprensión da cultura na que vive para poder dialogar con ela, elaborar criterios útiles de entendemento e gozo e desenvolver progresivamente o sentido crítico. Deste xeito, é esencial traballar a confianza en si mesmo, a autoestima e a empatía. Tamén é moi relevante a valoración de producións culturais e artísticas diversas que enriquezan tanto o individuo como a sociedade
- Creación e interpretación: expre-sión creativa de ideas, sentimentos e sensacións, mediante a exploración, o coñecemento, a execución e a utilización creativa de diferentes códigos, elementos, ferramentas, instru-mentos, materiais, medios, recursos, soportes, programas, aplicacións e técnicas culturais e artísticas. O alumnado explorará as diversas linguaxes, artes e disciplinas, así como as distintas técnicas plásticas e audiovisuais para a creación das súas propias propostas. O traballo en grupo será esencial para comprender a dimensión social e comunicativa das artes.

A programación didáctica está dividida en tres unidades, unha por trimestre, na que se traballan de forma integrada os catro bloques da área.
O centro atópase situado nun contexto rural, preto do mar e nunha vila mariñeira, polo que esta PD aproveitará as vantaxes que ofrece a nosa contorna e as súas especiais características sociais e culturais a través das diferentes UD e das diferentes actividades complementarias e extraescolares que poden ser realizadas.
O grupo de alumnos para o que está dirixida a PD é un grupo pouco numeroso o que será aproveitado para reforzar de forma individual as dificultades particulares de cada un.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX1 - Descubrir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa, para desenvolver a curiosidade, a sensibilidade, o pensamento crítico e o respecto pola diversidade. | | 3 | 1 | 1 | 3 | 1 | 2 | 1-2 |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX2 - Investigar acerca de diferentes manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais e os seus contextos, empregando diversas canles, medios e técnicas, para gozar delas, entender o seu valor, así como desenvolver o pensamento e unha sensibilidade artística propia. | 3 | 3 | 2 | 1 | | 3 | | 1-2 |
| OBX3 - Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, da imaxe e dos medios dixitais, para producir obras propias. | 1 | 1 | | 2 | 5 | 2 | 1 | 3-4 |
| OBX4 - Participar do deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, tanto individuais coma colaborativas, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza. | 1 | 3 | 3 | | | 2 | 1-3 | 3-4 |

**Descrición:**

### 3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | Imaxes conxeladas no tempo | Esta UD senta as bases para o resto do curso: a dinámica e rutina de traballo, a responsabilidade e coidado do material, etc. Os contidos clave serán a pintura e o debuxo, dentro das artes plásticas, e a fotografía e diseño gráfico no ámbito audiovisual e tecnolóxico da imaxe. Ademais da observación sobre pinturas e fotografías representativas, as profesións relacionadas e o coñecemento dos xéneros pictóricos será importante (bodegón, retrato, paisaxe, pintura costumbrista ou histórica) . As conmemoracións do Magosto, Samaín e Nadal cobrarán especial relevancia. | 30 | 14 | X | | |
| 2 | Máis arte bidimensional e tridimensional | Nesta unidade, ademais de reforzar os contidos xa traballados, introducimos as tres dimensións experimentando co modelado, e no eido audiovisual coa animación dixital. Tamén traballaremos a montaxe de imaxes en formato vídeo de diferentes formas. No plástico | 30 | 10 | | X | |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 2 | Máis arte bidimensional e tridimensional | experimentaremos co estampado e o grabado. O Día da Paz, o Entroido e o Día Internacional da Muller traballaranse de xeito máis destacado. | 30 | 10 | | X | |
| 3 | Tres, dous, un... acción! | Nesta ocasión o fío condutor será o cine e centrarémonos na creación de elementos de escenografía a partir de materiais naturais e artificiais mentres afianzamos as técnicas traballadas ata o de agora. Experimentaremos tamén o rexisto de vídeo con fins artísticos en diferentes formatos. As Letras Galegas serán de especial relevancia, xunto co día da arte galega. | 40 | 11 | | | X |

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 1 | Imaxes conxeladas no tempo | 14 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Distinguir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas. | Descobre e recorda obras  artísticas podendo relacionalas coa súa época, xénero, cultura, autores ou nome da obra. | TI | 100 |
| CA1.2 - Describir manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, explorando as súas características con interese, establecendo relacións entre elas, valorando a diversidade que as xera, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación plástica e visual, empregando o vocabulario específico destas. | Describe unha obra artística de forma básica facendo mención aos puntos, os tipos de liñas, as formas, as cores, os planos e as texturas. | | |
| CA1.3 - Seleccionar e aplicar estratexias para a procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, a través de diversas canles e medios de acceso, de forma individual e colaborativa. | Utiliza un buscador para atopar obras e información sobre manifestacións culturais e artísticas e accede a algunha páxina web onde atopalas. | | |
| CA1.4 - Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como as súas diferenzas e similitudes, e desenvolvendo criterios de valoración propios. | Identifica o significado e sensacións de obras artísticas de forma básica e sinala posibles medios e técnicas empregadas nas súa realización, identificando diferenzas e similitudes con outras obras. Sinala as técnicas e materiais usados nas súas propias producións. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.5 - Valorar as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións. | Menciona diferentes sensacións e emocións que lle produce unha obra e indaba sobre as intencións da obra neste sentido. | | |
| CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva. | Respecta as normas de comportamento e mostra unha actitude positiva. | | |
| CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias. | Produce obras propias con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias. | | |
| CA2.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de diversas manifestacións artísticas plásticas e visuais, utilizando as diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance, mostrando confianza nas propias capacidades e perfeccionando a execución. | Expresa verbalmente o que queren transmitir as súas obras indicando sentimentos ou emocións. | | |
| CA2.3 - Planificar e deseñar producións culturais e artísticas plásticas e visuais colectivas, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final que cumpra cuns obxectivos acordados e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade. | Participa no deseño dunha obra plástica ou visual de forma grupal, colaborando, asumindo ou seu rol e respectando aos seus compañeiros. | | |
| CA2.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual e diferentes técnicas artísticas. | Participa no proceso cooperativo de creacións culturais amosando interese e aplicando os coñecementos traballados. | | |
| CA2.5 - Compartir os proxectos creativos plásticos e visuais, empregando diferentes estratexias comunicativas a través de diversos medios e explicando o proceso e o resultado final obtido. | Explica o proceso seguido e o resultado obtidos nas súas producións. | | |
| CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais. | Valora e respecta as producións propias e alleas. | | |
| CA3.1 - Distinguir propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas. | Descobre e recorda obras artísticas audiovisuais podendo relacionalas coa súa época, xénero, cultura, autores ou nome da obra. | | |
| CA3.2 - Describir manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, explorando as súas características con interese, establecendo relacións básicas entre elas, valorando a diversidade que as xera, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación audiovisual, e empregando o vocabulario específico destas. | Describe unha obra artística de forma básica facendo mención aos puntos, os tipos de liñas, as formas, as cores, os planos e as texturas. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA3.3 - Seleccionar e aplicar estratexias para a procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, a través de diversas canles e medios de acceso, de forma individual e colaborativa. | Utiliza un buscador para atopar obras e información sobre manifestacións culturais e artísticas e accede a algunha páxina web onde atopalas. | | |
| CA3.4 - Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas audiovisuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como as súas diferenzas e similitudes, e desenvolvendo criterios de valoración propios. | Identifica o significado e sensacións de obras artísticas de forma básica e sinala posibles medios e técnicas empregadas nas súa realización, identificando diferenzas e similitudes con outras obras. Sinala as técnicas e materiais usados nas súas propias producións. | | |
| CA3.5 - Valorar as sensacións e as emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións. | Menciona diferentes sensacións e emocións que lle produce unha obra e indaba sobre as intencións da obra neste sentido. | | |
| CA3.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva. | Respecta as normas de comportamento e mostra unha actitude positiva. | | |
| CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe, o son e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias. | Produce obras propias con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias. | | |
| CA4.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de diversas manifestacións artísticas audiovisuais, utilizando as diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance, mostrando confianza nas propias capacidades e perfeccionando a execución. | Expresa verbalmente o que queren transmitir as súas obras indicando sentimentos ou emocións. | | |
| CA4.3 - Planificar e deseñar producións culturais e artísticas audiovisuais colectivas, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final que cumpra cuns obxectivos acordados e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade. | Participa no deseño de producións plásticas e visuais seguindo os pasos de maneira axeitada, con atención e con respecto polos demais. | | |
| CA4.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas audiovisuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe audiovisual e diferentes técnicas artísticas. | Tomar parte nas tarefas grupais de forma cooperativa. | | |
| CA4.5 - Compartir os proxectos creativos audiovisuais, empregando diferentes estratexias comunicativas a través de diversos medios e explicando o proceso e o resultado final obtido. | Explica o proceso seguido e o resultado obtidos nas súas producións. | | |
| CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais. | Valora e respecta as producións propias e alleas. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
| --- |
| - Estratexias de recepción activa.<br>- Cultura visual. A imaxe no mundo actual: técnicas e estratexias de lectura, análise e interpretación da intención comunicativa. Valoración desde unha perspectiva de xénero.<br>- Profesións vinculadas cos ámbitos artísticos plástico e visual. Coñecemento e valoración.<br>- Elementos configurativos da linguaxe visual e as súas posibilidades expresivas: punto; liña grosa, fina, continua e descontinua; plano; textura; cor.<br>- Profundización no ensino técnico do debuxo. Introdución á comprensión da xeometría a partir da liña recta. Posibilidades expresivas e comunicativas.<br>- Materiais, instrumentos, soportes e técnicas de maior uso na expresión plástica e visual.<br>- Vocabulario específico nas artes plásticas e visuais.<br>- Recursos dixitais de uso común para as artes plásticas e visuais.<br>- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais.<br>- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero.<br>- Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.<br>- Representación, de forma persoal, de ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual.<br>- Experimentación e expresión a través de medios, soportes e materiais de expresión plástica e visual, incluídos os formatos artísticos contemporáneos. Elaboración de imaxes novas a partir dos coñecementos adquiridos. Técnicas bidimensionais e tridimensiona<br>- Iniciación ao debuxo xeométrico. Verbalización da intención expresiva. Terminoloxía básica específica da área.<br>- Fases do proceso creativo: planificación, interpretación, experimentación e avaliación. Equilibrio e axuste entre deseño, proceso e produto.<br>- Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais.<br>- Utilización de técnicas, materiais e recursos informáticos e tecnolóxicos: a súa aplicación para a captura, creación, manipulación e difusión de producións plásticas e visuais.<br>- Aproximación ao uso responsable de bancos de imaxes e sons. Coñecemento e respecto polas licenzas de uso e distribución de contidos xerados por outros.<br>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais.<br>- Propostas audiovisuais elementais. O cinema: orixe e evolución. Espazos culturais e artísticos do ámbito audiovisual. Comunicación e valoración do contido informativo que as imaxes proporcionan, desde unha perspectiva de xénero.<br>- Profesións vinculadas ao ámbito cinematográfico e audiovisual. Coñecemento e valoración.<br>- Nocións elementais sobre formatos audiovisuais: imaxe fixa e en movemento. Ficción e non ficción. Animación.<br>- Estratexias de procura, filtrado e valoración.<br>- Vocabulario específico nas artes audiovisuais.<br>- Recursos dixitais de uso común para as artes audiovisuais.<br>- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores |

| Contidos |
| --- |
| - locais, rexionais, nacionais e internacionais.<br>- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero.<br>- Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas cinematográficas e audiovisuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.<br>- Rexistro e edición de elementos audiovisuais (imaxe e audio): conceptos, tecnoloxías, técnicas e recursos elementais de manexo sinxelo.<br>- Estratexias e técnicas de composición de historias sinxelas, de maneira individual e grupal, con intención comunicativa e expresiva, para ser recreadas, narradas e gravadas.<br>- Producións audiovisuais: iniciación á planificación das diferentes fases e roles do proceso creativo. Traballo colaborativo e importancia do proceso nos principais xéneros e formatos.<br>- Producións multimodais: realización con diversas ferramentas.<br>- Características da linguaxe audiovisual multimodal.<br>- Aproximación ás ferramentas e ás técnicas básicas de animación.<br>- Creación, experimentación e difusión de mensaxes audiovisuais: procesos técnicos, respecto á integridade das persoas e aos dereitos de autor.<br>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas. |

| UD | Título da UD | Duración |
| --- | --- | --- |
| 2 | Máis arte bidimensional e tridimensional | 10 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
| --- | --- | --- | --- |
| CA1.1 - Distinguir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas. | Descobre e recorda obras  artísticas podendo relacionalas coa súa época, xénero, cultura, autores ou nome da obra. | TI | 100 |
| CA1.2 - Describir manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, explorando as súas características con interese, establecendo relacións entre elas, valorando a diversidade que as xera, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación plástica e visual, empregando o vocabulario específico destas. | Describe unha obra artística de forma básica facendo mención aos puntos, os tipos de liñas, as formas, as cores, os planos e as texturas. | | |
| CA1.3 - Seleccionar e aplicar estratexias para a procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, a través de diversas canles e medios de acceso, de forma individual e colaborativa. | Utiliza un buscador para atopar obras e información sobre manifestacións culturais e artísticas e accede a algunha páxina web onde atopalas. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.4 - Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como as súas diferenzas e similitudes, e desenvolvendo criterios de valoración propios. | Identifica o significado e sensacións de obras artísticas de forma básica e sinala posibles medios e técnicas empregadas nas súa realización, identificando diferenzas e similitudes con outras obras. Sinala as técnicas e materiais usados nas súas propias producións. | | |
| CA1.5 - Valorar as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións. | Menciona diferentes sensacións e emocións que lle produce unha obra e indaba sobre as intencións da obra neste sentido. | | |
| CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva. | Respecta as normas de comportamento e mostra unha actitude positiva. | | |
| CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias. | Produce obras propias con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias. | | |
| CA2.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de diversas manifestacións artísticas plásticas e visuais, utilizando as diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance, mostrando confianza nas propias capacidades e perfeccionando a execución. | Expresa verbalmente o que queren transmitir as súas obras indicando sentimentos ou emocións. | | |
| CA2.3 - Planificar e deseñar producións culturais e artísticas plásticas e visuais colectivas, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final que cumpra cuns obxectivos acordados e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade. | Participa no deseño dunha obra plástica ou visual de forma grupal, colaborando, asumindo ou seu rol e respectando aos seus compañeiros. | | |
| CA2.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual e diferentes técnicas artísticas. | Participa no proceso cooperativo de creacións culturais amosando interese e aplicando os coñecementos traballados. | | |
| CA2.5 - Compartir os proxectos creativos plásticos e visuais, empregando diferentes estratexias comunicativas a través de diversos medios e explicando o proceso e o resultado final obtido. | Explica o proceso seguido e o resultado obtidos nas súas producións. | | |
| CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais. | Valora e respecta as producións propias e alleas. | | |
| CA3.1 - Distinguir propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas. | Descobre e recorda obras  artísticas audiovisuais podendo relacionalas coa súa época, xénero, cultura, autores ou nome da obra. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA3.2 - Describir manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, explorando as súas características con interese, establecendo relacións básicas entre elas, valorando a diversidade que as xera, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación audiovisual, e empregando o vocabulario específico destas. | Describe unha obra artística de forma básica facendo mención aos puntos, os tipos de liñas, as formas, as cores, os planos e as texturas. | | |
| CA3.3 - Seleccionar e aplicar estratexias para a procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, a través de diversas canles e medios de acceso, de forma individual e colaborativa. | Utiliza un buscador para atopar obras e información sobre manifestacións culturais e artísticas e accede a algunha páxina web onde atopalas. | | |
| CA3.4 - Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas audiovisuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como as súas diferenzas e similitudes, e desenvolvendo criterios de valoración propios. | Identifica o significado e sensacións de obras artísticas de forma básica e sinala posibles medios e técnicas empregadas nas súa realización, identificando diferenzas e similitudes con outras obras. Sinala as técnicas e materiais usados nas súas propias producións. | | |
| CA3.5 - Valorar as sensacións e as emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións. | Menciona diferentes sensacións e emocións que lle produce unha obra e indaba sobre as intencións da obra neste sentido. | | |
| CA3.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva. | Respecta as normas de comportamento e mostra unha actitude positiva. | | |
| CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe, o son e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias. | Produce obras propias con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias. | | |
| CA4.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de diversas manifestacións artísticas audiovisuais, utilizando as diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance, mostrando confianza nas propias capacidades e perfeccionando a execución. | Expresa verbalmente o que queren transmitir as súas obras indicando sentimentos ou emocións. | | |
| CA4.3 - Planificar e deseñar producións culturais e artísticas audiovisuais colectivas, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final que cumpra cuns obxectivos acordados e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade. | Participa no deseño de producións plásticas e visuais seguindo os pasos de maneira axeitada, con atención e con respecto polos demais. | | |
| CA4.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas audiovisuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe audiovisual e diferentes técnicas artísticas. | Tomar parte nas tarefas grupais de forma cooperativa. | | |
| CA4.5 - Compartir os proxectos creativos audiovisuais, empregando diferentes estratexias comunicativas a través de diversos medios e explicando o proceso e o resultado final obtido. | Explica o proceso seguido e o resultado obtidos nas súas producións. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais. | Valora e respecta as producións propias e alleas. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Estratexias de recepción activa.<br>- Cultura visual. A imaxe no mundo actual: técnicas e estratexias de lectura, análise e interpretación da intención comunicativa. Valoración desde unha perspectiva de xénero.<br>- Profesións vinculadas cos ámbitos artísticos plástico e visual. Coñecemento e valoración.<br>- Elementos configurativos da linguaxe visual e as súas posibilidades expresivas: punto; liña grosa, fina, continua e descontinua; plano; textura; cor.<br>- Profundización no ensino técnico do debuxo. Introdución á comprensión da xeometría a partir da liña recta. Posibilidades expresivas e comunicativas.<br>- Materiais, instrumentos, soportes e técnicas de maior uso na expresión plástica e visual.<br>- Vocabulario específico nas artes plásticas e visuais.<br>- Recursos dixitais de uso común para as artes plásticas e visuais.<br>- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais.<br>- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero.<br>- Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.<br>- Representación, de forma persoal, de ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual.<br>- Experimentación e expresión a través de medios, soportes e materiais de expresión plástica e visual, incluídos os formatos artísticos contemporáneos. Elaboración de imaxes novas a partir dos coñecementos adquiridos. Técnicas bidimensionais e tridimensiona<br>- Iniciación ao debuxo xeométrico. Verbalización da intención expresiva. Terminoloxía básica específica da área.<br>- Fases do proceso creativo: planificación, interpretación, experimentación e avaliación. Equilibrio e axuste entre deseño, proceso e produto.<br>- Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais.<br>- Utilización de técnicas, materiais e recursos informáticos e tecnolóxicos: a súa aplicación para a captura, creación, manipulación e difusión de producións plásticas e visuais.<br>- Aproximación ao uso responsable de bancos de imaxes e sons. Coñecemento e respecto polas licenzas de uso e distribución de contidos xerados por outros.<br>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais.<br>- Propostas audiovisuais elementais. O cinema: orixe e evolución. Espazos culturais e artísticos do ámbito audiovisual. Comunicación e valoración do contido informativo que as imaxes proporcionan, desde unha perspectiva de xénero. |

| Contidos |
|---|
| - Profesións vinculadas ao ámbito cinematográfico e audiovisual. Coñecemento e valoración.<br>- Nocións elementais sobre formatos audiovisuais: imaxe fixa e en movemento. Ficción e non ficción. Animación.<br>- Estratexias de procura, filtrado e valoración.<br>- Vocabulario específico nas artes audiovisuais.<br>- Recursos dixitais de uso común para as artes audiovisuais.<br>- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais.<br>- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero.<br>- Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas cinematográficas e audiovisuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.<br>- Rexistro e edición de elementos audiovisuais (imaxe e audio): conceptos, tecnoloxías, técnicas e recursos elementais de manexo sinxelo.<br>- Estratexias e técnicas de composición de historias sinxelas, de maneira individual e grupal, con intención comunicativa e expresiva, para ser recreadas, narradas e gravadas.<br>- Producións audiovisuais: iniciación á planificación das diferentes fases e roles do proceso creativo. Traballo colaborativo e importancia do proceso nos principais xéneros e formatos.<br>- Producións multimodais: realización con diversas ferramentas.<br>- Características da linguaxe audiovisual multimodal.<br>- Aproximación ás ferramentas e ás técnicas básicas de animación.<br>- Creación, experimentación e difusión de mensaxes audiovisuais: procesos técnicos, respecto á integridade das persoas e aos dereitos de autor.<br>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 3 | Tres, dous, un... acción! | 11 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Distinguir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas. | Descobre e recorda obras artísticas podendo relacionalas coa súa época, xénero, cultura, autores ou nome da obra. | TI | 100 |
| CA1.2 - Describir manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, explorando as súas características con interese, establecendo relacións entre elas, valorando a diversidade que as xera, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación plástica e visual, empregando o vocabulario específico destas. | Describe unha obra artística de forma básica facendo mención aos puntos, os tipos de liñas, as formas, as cores, os planos e as texturas. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.3 - Seleccionar e aplicar estratexias para a procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, a través de diversas canles e medios de acceso, de forma individual e colaborativa. | Utiliza un buscador para atopar obras e información sobre manifestacións culturais e artísticas e accede a algunha páxina web onde atopalas. | | |
| CA1.4 - Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como as súas diferenzas e similitudes, e desenvolvendo criterios de valoración propios. | Identifica o significado e sensacións de obras artísticas de forma básica e sinala posibles medios e técnicas empregadas nas súa realización, identificando diferenzas e similitudes con outras obras. Sinala as técnicas e materiais usados nas súas propias producións. | | |
| CA1.5 - Valorar as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións. | Menciona diferentes sensacións e emocións que lle produce unha obra e indaba sobre as intencións da obra neste sentido. | | |
| CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva. | Respecta as normas de comportamento e mostra unha actitude positiva. | | |
| CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias. | Produce obras propias con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias. | | |
| CA2.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de diversas manifestacións artísticas plásticas e visuais, utilizando as diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance, mostrando confianza nas propias capacidades e perfeccionando a execución. | Expresa verbalmente o que queren transmitir as súas obras indicando sentimentos ou emocións. | | |
| CA2.3 - Planificar e deseñar producións culturais e artísticas plásticas e visuais colectivas, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final que cumpra cuns obxectivos acordados e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade. | Participa no deseño dunha obra plástica ou visual de forma grupal, colaborando, asumindo ou seu rol e respectando aos seus compañeiros. | | |
| CA2.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual e diferentes técnicas artísticas. | Participa no proceso cooperativo de creacións culturais amosando interese e aplicando os coñecementos traballados. | | |
| CA2.5 - Compartir os proxectos creativos plásticos e visuais, empregando diferentes estratexias comunicativas a través de diversos medios e explicando o proceso e o resultado final obtido. | Explica o proceso seguido e o resultado obtidos nas súas producións. | | |
| CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais. | Valora e respecta as producións propias e alleas. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA3.1 - Distinguir propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas. | Descobre e recorda obras artísticas audiovisuais podendo relacionalas coa súa época, xénero, cultura, autores ou nome da obra. | | |
| CA3.2 - Describir manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, explorando as súas características con interese, establecendo relacións básicas entre elas, valorando a diversidade que as xera, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación audiovisual, e empregando o vocabulario específico destas. | Describe unha obra artística de forma básica facendo mención aos puntos, os tipos de liñas, as formas, as cores, os planos e as texturas. | | |
| CA3.3 - Seleccionar e aplicar estratexias para a procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, a través de diversas canles e medios de acceso, de forma individual e colaborativa. | Utiliza un buscador para atopar obras e información sobre manifestacións culturais e artísticas e accede a algunha páxina web onde atopalas. | | |
| CA3.4 - Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas audiovisuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como as súas diferenzas e similitudes, e desenvolvendo criterios de valoración propios. | Identifica o significado e sensacións de obras artísticas de forma básica e sinala posibles medios e técnicas empregadas nas súa realización, identificando diferenzas e similitudes con outras obras. Sinala as técnicas e materiais usados nas súas propias producións. | | |
| CA3.5 - Valorar as sensacións e as emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións. | Menciona diferentes sensacións e emocións que lle produce unha obra e indaba sobre as intencións da obra neste sentido. | | |
| CA3.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva. | Respecta as normas de comportamento e mostra unha actitude positiva. | | |
| CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe, o son e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias. | Produce obras propias con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias. | | |
| CA4.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de diversas manifestacións artísticas audiovisuais, utilizando as diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance, mostrando confianza nas propias capacidades e perfeccionando a execución. | Expresa verbalmente o que queren transmitir as súas obras indicando sentimentos ou emocións. | | |
| CA4.3 - Planificar e deseñar producións culturais e artísticas audiovisuais colectivas, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final que cumpra cuns obxectivos acordados e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade. | Participa no deseño de producións plásticas e visuais seguindo os pasos de maneira axeitada, con atención e con respecto polos demais. | | |
| CA4.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas audiovisuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe audiovisual e diferentes técnicas artísticas. | Tomar parte nas tarefas grupais de forma cooperativa. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA4.5 - Compartir os proxectos creativos audiovisuais, empregando diferentes estratexias comunicativas a través de diversos medios e explicando o proceso e o resultado final obtido. | Explica o proceso seguido e o resultado obtidos nas súas producións. | | |
| CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais. | Valora e respecta as producións propias e alleas. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Estratexias de recepción activa.<br>- Cultura visual. A imaxe no mundo actual: técnicas e estratexias de lectura, análise e interpretación da intención comunicativa. Valoración desde unha perspectiva de xénero.<br>- Profesións vinculadas cos ámbitos artísticos plástico e visual. Coñecemento e valoración.<br>- Elementos configurativos da linguaxe visual e as súas posibilidades expresivas: punto; liña grosa, fina, continua e descontinua; plano; textura; cor.<br>- Profundización no ensino técnico do debuxo. Introdución á comprensión da xeometría a partir da liña recta. Posibilidades expresivas e comunicativas.<br>- Materiais, instrumentos, soportes e técnicas de maior uso na expresión plástica e visual.<br>- Vocabulario específico nas artes plásticas e visuais.<br>- Recursos dixitais de uso común para as artes plásticas e visuais.<br>- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais.<br>- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero.<br>- Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.<br>- Representación, de forma persoal, de ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual.<br>- Experimentación e expresión a través de medios, soportes e materiais de expresión plástica e visual, incluídos os formatos artísticos contemporáneos. Elaboración de imaxes novas a partir dos coñecementos adquiridos. Técnicas bidimensionais e tridimensiona<br>- Iniciación ao debuxo xeométrico. Verbalización da intención expresiva. Terminoloxía básica específica da área.<br>- Fases do proceso creativo: planificación, interpretación, experimentación e avaliación. Equilibrio e axuste entre deseño, proceso e produto.<br>- Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais.<br>- Utilización de técnicas, materiais e recursos informáticos e tecnolóxicos: a súa aplicación para a captura, creación, manipulación e difusión de producións plásticas e visuais.<br>- Aproximación ao uso responsable de bancos de imaxes e sons. Coñecemento e respecto polas licenzas de uso e distribución de contidos xerados por outros. |

| Contidos |
| --- |
| - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais.<br>- Propostas audiovisuais elementais. O cinema: orixe e evolución. Espazos culturais e artísticos do ámbito audiovisual. Comunicación e valoración do contido informativo que as imaxes proporcionan, desde unha perspectiva de xénero.<br>- Profesións vinculadas ao ámbito cinematográfico e audiovisual. Coñecemento e valoración.<br>- Nocións elementais sobre formatos audiovisuais: imaxe fixa e en movemento. Ficción e non ficción. Animación.<br>- Estratexias de procura, filtrado e valoración.<br>- Vocabulario específico nas artes audiovisuais.<br>- Recursos dixitais de uso común para as artes audiovisuais.<br>- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais.<br>- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero.<br>- Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas cinematográficas e audiovisuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.<br>- Rexistro e edición de elementos audiovisuais (imaxe e audio): conceptos, tecnoloxías, técnicas e recursos elementais de manexo sinxelo.<br>- Estratexias e técnicas de composición de historias sinxelas, de maneira individual e grupal, con intención comunicativa e expresiva, para ser recreadas, narradas e gravadas.<br>- Producións audiovisuais: iniciación á planificación das diferentes fases e roles do proceso creativo. Traballo colaborativo e importancia do proceso nos principais xéneros e formatos.<br>- Producións multimodais: realización con diversas ferramentas.<br>- Características da linguaxe audiovisual multimodal.<br>- Aproximación ás ferramentas e ás técnicas básicas de animación.<br>- Creación, experimentación e difusión de mensaxes audiovisuais: procesos técnicos, respecto á integridade das persoas e aos dereitos de autor.<br>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas. |

## 4.1. Concrecións metodolóxicas

No tocante ao aspecto metodolóxico, esta PD remítese ás liñas de actuación reflictidas no currículo, as cales se levarán ao longo das diferentes sesións da materia, que son as seguintes:
– O afondamento progresivo no tratamento dos contidos da área ao longo de toda a etapa.
– O uso dunha metodoloxía áxil e dinámica, práctica e realista, activa e participativa, construtiva, creativa, motivadora, lúdica e amena.
– A planificación de situacións de aprendizaxe, experiencias, procesos, proxectos, retos e tarefas que desenvolvan a capacidade de apreciación, análise, creatividade, imaxinación e sensibilidade do alumnado. As situacións de aprendizaxe deben estar vinculadas a contextos próximos ao alumnado que favorezan a aprendizaxe significativa e esperten a súa curiosidade e interese polas artes plásticas, visuais e audiovisuais. Os proxectos son especialmente útiles á hora de motivar o alumnado para adquirir diferentes coñecementos, desenvolver habilidades e potenciar a súa autonomía. Resulta interesante desenvolver as capacidades plásticas e expresivas do alumnado a través das conmemoracións e centros de interese que se desenvolvan no centro. A aprendizaxe a partir de experiencias e do

aproveitamento da oferta cultural permite potenciar no alumnado un enfoque aberto e receptivo, estimulando o interese deste pola cultura propia e allea.
– O emprego de recursos, soportes e contextos variados na realización de actividades plásticas e visuais. A presentación da información ao alumnado pode realizarse en diferentes soportes e formatos tendo en conta a capacidade de percepción, comprensión ou o uso da linguaxe por parte deste. Potenciación e valoración do uso de material de refugallo na elaboración de determinadas propostas plásticas, así como o coñecemento e o uso consciente e responsable do material funxible que se vai empregar.
– A énfase en que o alumnado aprenda a aprender e participe na planificación e na toma de decisións sobre o traballo controlando os procesos, usando conscientemente estratexias de aprendizaxe e sendo progresivamente máis autónomo e protagonista da súa propia aprendizaxe.
– A realización do traballo na aula de xeito individual, en parellas estratéxicas, en pequenos grupos ou en grupo grande, posibilitando situacións que propicien a comunicación espontánea do alumnado.
– A potenciación no alumnado da expresión das súas emocións e da súa autorregulación para fomentar a empatía e facilitar o recoñecemento emocional propio e alleo.
– O tratamento das principais profesións vinculadas cos ámbitos artísticos plásticos e visuais desde unha perspectiva de xénero.
As diferentes UD permitirán, no seu conxunto, o traballo da totalidade dos contidos do currículo, así como dos elementos transversais, dos obxectivos da etapa e están pensadas para a consecución do logro de cada un dos criterios de avaliación (CA) establecidos, ou, alomenos, os mínimos de consecución correspondentes, así como para a progresiva adquisición das competencias clave correspondentes de cara ao perfil de saída do alumnado ao remate da educación primaria. As unidades dividiranse en varios campos de contidos esenciais na área, e partirán dun contido central que será o eixe vertebrador da unidade. Os campos a traballar en cada una serán:

- Arte e cultura: Será o eixe vertebrador da unidade e busca relacionar os contidos propios da materia coa cultura e sociedade na que se enmarca o centro: coas suas festividades, co seu patrimonio cultural e histórico...
- Cultura Visual: Aspectos conceptuais básicos da unidade e exemplos de obras artísticas e artistas dos ámbitos a traballar (pintura, debuxo, modelado, fotografía, cine...). Todo o relacionado coa percepción e reflexión plástica e audiovisual.
- Expresión plástica: Experimentación práctica dos aspectos plásticos a traballar a través de diferentes técnicas usando variedade de materiais.
- Expresión audiovisual: Experimentación con materiais e técnicas tecnolóxicas para crear contidos audiovisuais.
- Comunicando: Busca traballar un proxecto material ou dixital de forma competencial e a modo de tarefa integrada.

Dada a casuística da materia no tocante á cantidade de sesións desta -1 sesión semanal- o número total destas por curso adoita ser unhas 35. Para a optimización da súa impartición, empregarase como recurso, na páxina web do centro, unha sección específica para esta materia (ou na Aula Virtual do centro). Nesta o alumnado poderá acceder a:
-recursos dixitais empregados na clase e/ou para levar a cabo tarefas encomendadas
-vídeos de introdución a conceptos e de exemplos de obras artísticas e audiovisuais
-ligazóns de interese relacionadas coa materia
- explicacións ampliadas sobre traballos a realizar
-outras que poidan ir xurdindo ao longo do curso

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
| --- |
| Pinceis e témperas |
| Ceras, rotuladores, lapis de cores, pegamento e tesoiras |
| Imaxes de obras de Andy Warhol |
| Bloc de debuxo e cartolinas |
| Estoxo |

| |
|---|
| Deseños incompletos da obra de Warhol |
| Pasta de modelaxe |
| Regra, escuadro e cartabón |

A aula usada para a impartición de Educación Plástica e Visual é a aula base. É unha aula con ventanais que permiten a entrada de luz natural e tamén é unha aula ampla que facilita a posibilidade de diferentes agrupamentos para realizar distintas actividades.
O material empregado está dentro da aula, nunha estantería adicada unicamente ao material plástico (folios, cores, pinturas, tesoiras, cartolinas...).
O alumnado deberá ter, traer e facerse responsable do seu material e a limpeza deste: estoxo.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Revisados os informes individualizados do alumnado, levarase a cabo unha serie de probas co fin de coñecer o punto de partida; de especial interese é a información deste ampliada por parte das persoas titoras de infantil do curso anterior ao ser posible unha reunión presencial con estas dado que continúan no equipo docente do centro.
Esta avaliación inicial levarase a cabo nas primeiras 3 ou 4 sesións, para poder establecer uns criterios claros do nivel mínimo da clase en xeral, e de cada alumna/o en particular.
Dita serie de probas consistirán na execución guiada dunha selección específica de xogos/exercicios/cancións que traballen os aspectos vocal, corporal e motriz e cuxa observación directa será reflictida nun rexistro; ao mesmo tempo, rexistraranse aspectos como a capacidade de recepción, actitude, gustos musicais e coñecementos previos.
A partir do conxunto de datos obtidos do anteriormente citado trataranse os aspectos descatados e as necesidades atopadas nunha reunión conxunta co equipo docente do grupo para poder establecer as medidas ordinarias e extraordinarias máis axeitadas.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

| **Unidade didáctica** | **UD 1** | **UD 2** | **UD 3** | **Total** |
|---|---|---|---|---|
| **Peso UD/ Tipo Ins.** | **30** | **30** | **40** | **100** |
| **Táboa de indicadores** | 100 | 100 | 100 | **100** |

**Criterios de cualificación:**

A avaliación será continua, presente en todos os aspectos e momentos do proceso de ensino-aprendizaxe. Trimestralmente haberá unha sesión de avaliación con todo o profesorado que imparte no grupo, un membro do equipo directivo e do departamento de orientación se é o caso. Nela valoraranse as aprendizaxes acadadas por cada alumno ou alumna, o grao de desenvolvemento das competencias básicas e, se fose necesario, as medidas adoptadas ou que se deben adoptar.
Establécese unha unidade por trimestre, co cal a nota de cada unidade será a nota do trimestre. As unidades puntuaranse a partir dos criterios de avaliación, e para obter a calificación destes criterios, utilizaranse como instrumentos de avaliación as táboas de indicadores (rúbricas, escalas de observación ou listas de cotexo).
Os pesos de cada criterio están debullados no apartado 3.3 desta programación.
O resultado dos cálculos redondearase cara a unidade seguinte, sempre e cando o número das décimas sexa cinco ou maior que cinco.
O peso que terá a nota obtida en cada unidade respecto á nota final é o seguinte:

-1º trim.: UD1 30%
-2º trim.: UD2 30%
-3º trim.: UD3 40%
Como se pode observar, a unidade 3, correspondente ao 3º trimestre, ten máis peso que as dúas anteriores. Isto débese a que a maioría dos contidos e capacidades a avaliar traballaranse en todos os trimestres, ampliándose de forma progresiva, e serán pois os logros acadados ao finalizar o curso os que se teñan máis en conta.
En calquera caso, se por análise da persoa docente e/ou o conxunto da Xunta de Avaliación, a progresión do alumnado argumenta a este/a/s a conveniencia de non aplicar o anterior por defecto, atendendo a razóns pedagóxicas, isto será o que prevalecerá.

**Criterios de recuperación:**

De acordo co artigo 20 da Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, así como a orde de 25 de xaneiro de 2022, a avaliación durante a etapa de Educación Primaria será continua e global, tendo en conta o proceso de aprendizaxe. Se nalgún momento se obtén unha calificación negativa, poñerase en marcha un programa de reforzo individualizado para ese alumno en cuestión, como medida ordinaria de atención á diversidade de acordo co Plan Xeral de Atención á
Diversidade elaborado polo Departamento de Orientación. Dentro das medidas empregadas inclúense o reforzo educativo, o apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria ou o apoio de profesorado especialista en Pedagoxía Terapéutica e Audición e Linguaxe.
Aquel alumnado que non tivese acadado os mínimos de consecución de cada CA ao finalizar o 1º ou 2º trimestre ou obteña unha cualificación negativa na nota da área poderá recuperalos no seguinte trimestre, tendo en conta o seguinte:
-Se se trata de algo máis ben específico (por ex.: un traballo a entregar) seguirá o mesmo procedemento referido anteriormente e terá lugar durante a primeira quincena de xuño.
-Se se trata dun aspecto de adquisición meramente progresivo (por ex.: coñecementos de linguaxe musical ou cuestións técnicas interpretativas) que non foi quen de superar anteriormente pero si no último trimestre darase isto por superado.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Na etapa da educación primaria poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na detección precoz das súas necesidades específicas e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe co obxecto de reforzar a inclusión e asegurar o dereito a unha educación de calidade. Nesta detección de necesidades cobrará especial importancia a avaliación inicial, que se realiza durante o primeiro mes do curso e que busca detectar dificultades de aprendizaxe e detectar o nivel competencial do que parte o alumando.
Dado que cada neno ten as súas peculiares características e que os seus ritmos de aprendizaxe soen ser distintos, a nosa programación entende que deben realizarse actividades que reforcen as aprendizaxes duns, e actividades que amplíen as dos outros, co obxectivo de individualizar o ensino e atender á totalidade do alumnado. Estas actividades de reforzo e de ampliación realizaranse, en todo momento, respectando a evolución individual de cada neno/a e o seu ritmo de traballo. . Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos. Tanto as actividades de reforzo como as de ampliación son moi subxectivas en cada caso, xa que as mesmas actividades poden servir nun contexto escolar para reforzar e noutro distinto para ampliar, polo que será o profesorado quen seleccione o momento e o tipo de actividade que precise cada neno ou nena. A planificación desta programación non é ríxida nin inamovible, senón todo o contrario, considerándose aberta e flexible.
En canto ás medidas de atención á diversidade, debemos ter en conta á hora de levar a cabo esta programación por un lado as medida ordinarias, así como as medidas extraordinarias, as cales se porán en funcionamento unha vez esgotadas as ordinarias. Neste sentido, cobra especial relevancia o tratamento do Alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo (ACNEAE), entendidos como os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por incorporarse tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.
O traballo coordinado xunto co Departamento de Orientación, o equipo docente, o persoal sanitario e a familia do alumnado será fundamental para a abordaxe das dificultades que poidan xurdir no proceso de ensino-aprendizaxe.

O documento de referencia será o Plan Xeral de Atención á Diversidade, no que figurarán as posibles medidas tanto ordinarias como extraordinarias de atención á diversidade. Neste sentido, a información obtida na avaliación inicial axudará a escoller a/as medida/as de atención á diversidade, como poden ser o reforzo educativo, o apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria ou o apoio de profesorado especialista en Audición e Linguaxe e/ou Pedagoxía Terapéutica.
Dependendo da casuística do alumnado cómpre ter en conta diferentes consideracións á hora de traballar, tales como: emprego de grafías de maior tamaño; priorización dalgunha das linguaxes e/ou formas de comunicación: oral, escrita, visual e/ou táctil; énfase no aspecto de índole globalizador, coordinación motriz, lateralidade e/ou psicomotricidade fina, etc. Tamén se farán adaptacións curriculares significativas para aquel alumnado que presente necesidades educativas especiais onde se reducen e simplifican actividades mostrando a forma máis sinxela de facelas. No caso de alumnado con altas capacidades ampliaranse os seus coñecementos debido á súa rápida aprendizaxe. No caso de alumnado inmigrante con descoñecemento da lingua, tanto de incorporación ao inicio como ao longo do curso solicitarase levar a cabo a valoración polo Departamento de Orientación para determinar o nivel curricular. Establecerase Reforzo Educativo, para o cal non se precisa necesariamente intervención do DO; e traballarase máis na comunicación a través de imaxes e no aspecto da recepción e na vivencia musical e da danza, de xeito que se faga fincapé na integración e inclusión deste tipo de alumnado co resto da clase. Con alumnado con deficiencias auditivas cómpre diferenciar entre aquel hipoacústico, co que o obxecto principal é desenvolver a audición no marco da linguaxe, interpretando cancións e exercicios de discriminación auditiva, e o anacúsico, co que o obxectivo principal é estimular a lectura de beizos e axudarlles na súa toma de conciencia sobre as vibracións que o rodean, para o que se lle axudará, sobre todo, cos sentidos da vista e do tacto.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 |
|---|---|---|---|
| ET.1 - Comprensión lectora | X | X | X |
| ET.2 - Expresión oral e escrita | X | X | X |
| ET.3 - Comunicación audiovisual | X | X | X |
| ET.4 - Competencia dixital | X | X | X |
| ET.5 - Fomento da creatividade, espírito científico e do emprendemento | X | X | X |
| ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres | | X | |
| ET.7 - Educación para a paz e prevención e resolución pacífica de conflitos | | X | |
| ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible | X | X | X |
| ET.9 - Educación para a saúde | X | | |

**Observacións:**

### 7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|
| Decorar os corredores trimestralmente | Decoración dos corredores cos traballos propostos para celebrar as conmemoracións escolares realizadas. | X | X | X |
| Festivais do centro | Elaboración de material escénico e decoracións | X | | X |
| Obradoiros con artistas de diversa índole | Persoas que de primeira man poidan ensinar ao alumnado o seu oficio | | X | X |
| Colaboración no Xornal do Centro | No 3º trimestre colabórase elixindo algún dos traballos realizados durante o curso para editar no Xornal. | | | X |

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|---|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| Adecuouse o deseño das UD ás características e necesidades do alumnado. |
| Funcionalidade da PD: revisouse ao longo do curso e foi práctica e útil para acadar os obxectivos propostos. |
| Respectouse a temporalización inicialmente establecida |
| Metodoloxía empregada |
| A persoa docente empregou as metodoloxías reflictidas na PD. |
| Utilizáronse distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas e distintos recursos materiais |
| Usáronse distintos instrumentos de avaliación. |
| Medidas de atención á diversidade |
| Leváronse a cabo as medidas de atención á diversidade e foron efectivas. |
| Clima de traballo na aula |
| Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado |
| Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais |
| Existiu apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado. |
| Existíu unha fluída e contínua coordinación docente e unha adecuada organización dos recursos materiais, persoais e espaciais. |

| Outros |
| --- |
| Máis do 80% do alumnado superou a materia. |

**Descrición:**

En liñas xerais, e agás a enquisa, farase un seguimento trimestral para a comprobación dos indicadores de logro; neste senso, un cadro destes xunto co seu resultado incluirase, alomenos, nas correspondentes actas de ciclo.

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado. Avaliarase de forma trimestral.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Toda a programación está suxeita a ser revisada con continuidade có obxectivo de adaptar o proceso de ensinoaprendizaxe aos diferentes ritmos, intereses e necesidades do alumnado para mellorar respecto a:
- Os resultados de aprendizaxe do alumnado, para o que adecuamos a metodoloxía e contidos
- A planificación e temporalización das actividades, para o que axustamos a distribución das mesmas
.
Durante o desenvolvemento das diferentes Unidades Didácticas e ao remate das mesmas, levarase a cabo unha avaliación obxectiva coa finalidade de mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe. Ao remate de cada trimestre, valoraranse os resultados académicos obtidos polo alumnado, a información recollida a través dos indicadores de logro do epígrafe anterior e os datos aportados polo equipo docente nas sesións de avaliación, có gallo de formular propostas de mellora en todos os aspectos da programación (proceso de aprendizaxe, proceso de ensino e a propia práctica docente). Faremos especial fincapé na análise das cualificacións obtidas nos trimestres.
Tralo remate de cada trimestre revisarase a PD. Dita revisión terá en conta os seguintes puntos:
1. Seguimento da PD no apartado correspondente do PROENS:

- Reunións trimestrais do equipo docente da coordinación de ciclo.
- No tocante ás UD: data de inicio e final, número de sesións previstas e realizadas.
- Grao de cumprimento da PD con caráter xeral dos indicadores de logro desta.
- Propostas xerais de mellora e outras observacións.

2. Análise da situación no tocante ás dificultades atopadas no alumnado:

- Se os resultados fosen positivos continuarase na mesma liña de traballo.
- Se os resultados fosen negativos levaranse a cabo propostas de mellora.

Accións de mellora:

- Ofrécese ao alumnado as explicacións individualizadas.
- Elaboración de actividades atendendo ás dificultades mostradas.
- Probas de avaliación de distinta dificultade.
- Comentar co alumnado os fallos máis significativos dos traballos realizados.

En función do anterior:

- Revisión das necesidades de atención educativa (apoio, reforzo, ACS, etc.)

3. Actividades complementarias (realizadas ou non).

A avaliación dos datos recollidos farase mediante o cadro referido no apartado 8.1. ao que se lle engadirá, a maiores, os cadros precisos que inclúan a información adicional do presente apartado xunto coa información e resultados destes; posteriormente incluiranse como anexo nas correspondentes actas da coordinación de ciclo. Asi mesmo, esta información será incluida na memoria final da materia, con especial relevancia nas posibles propostas de mellora para levar a cabo no seguinte curso académico.

## 9. Outros apartados